

“Se se toman as medidas necesarias, as abellas non teñen que desaparecer”

Investigacións de todo o mundo demostran unha gran redución da cantidade de abellas do mel e a desaparición doutras moitas especies destes insectos. Concepción Ornosa, profesora da Universidade Complutense, realizou varios destes estudos e sinala as causas e os problemas que orixina a perda das abellas. Lonxe de alarmismos catastrofistas que apuntan á fin da humanidade se desaparecen as abellas, esta experta explica as medidas que se poden tomar para mellorar o estado destes seres.

Por que preocupan as abellas? En 2006, nos Estados Unidos e noutros países detectouse un “colapso das colonias”; é dicir, comprobouse que algunhas colmeas de súpeto quedaban sen abellas. A polinización dos cultivos agrícolas move moito diñeiro nos Estados Unidos, así que saltaron as alarmas e comezaron centos de investigacións en todo o mundo. As abellas do mel non son a única especie de abella; de feito, hai máis de 20.000 especies, máis importantes incluso para os ecosistemas que as abellas do mel. Por exemplo, os abellóns, que polinizan mellor que as do mel. Dese total, desapareceron moitas en todo o mundo e outras están en perigo crítico. Na Península Ibérica, xa non hai especies que había hai 30 anos.

Por que son tan importantes as abellas? Segundo a Organización de Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura (FAO), as abellas polinizan dous terzos da nosa comida. Se os seres humanos tivésemos que facer o labor de polinización das abellas do mel, custaríanos uns 30.000 millóns de euros en todo o mundo. En 2012, a FAO cifrou ese custo para todas as abellas en 265.000 millóns de euros.

Díxose que sen abellas a humanidade desaparecería. É isto certo? Atribuíuselle esa afirmación a Einstein, sen saber se realmente a dixo. Non é comprobable, e seguramente non van desaparecer todas, porque sempre haberá unhas especies que substitúan outras. Agora ben, pérdese biodiversidade e iso nunca é bo. Hai especies de flora ameazada porque desaparecen as abellas que só as polinizan a elas. Se se toman as medidas necesarias, as abellas non teñen que desaparecer.

Por que desaparecen? Por multitude de factores: a malnutrición pola presenza de monocultivos e pola intensificación agrícola coma o cereal, do que non poden alimentarse; o uso de pesticidas, en especial os neonicotinoides; os parasitos que se transmiten rapidamente nas colmeas, coma o ácaro *Varroa* ou o fungo *Nosema ceranae*; a perda de pasteiros e praderías; as construcións humanas e a homoxeneización da paisaxe.

Como afecta o “colapso das colonias”? Afecta máis a uns países que a outros. O proxecto europeo STEP sinala que Finlandia ou o Reino Unido só teñen o 25 % das abellas do mel que necesitarían para a polinización. En Francia ou en Alemaña, oscila entre un 25 % e un 50 %. En España, aínda se conserva un 70 %. Nos casos máis serios, para lle facer fronte terán que usar abellas doutros sitios, ademais de medidas preventivas.

En España, cales son os factores máis ameazantes? O Centro Agrario de Marchamalo (Guadalaxara) demostrou que, nas abellas do mel, o máis importante é o fungo *Nosema ceranae*. En abellóns, pola súa banda, son os pesticidas e a perda de pasteiros.

A UE prohibiu tres dos pesticidas neonicotinoides. Ata que punto son nocivos? Afectan as respostas neurolóxicas de calquera insecto, non só as pragas dos cultivos. Os agricultores utilizáronos nos últimos anos con grande intensidade porque non son tóxicos para o ser humano. Algúns estudos sinalan que se empregaron dous terzos máis do necesario. Ademais, penetran en toda a planta, transmitense pola auga e o vento e os seus efectos duran semanas e mesmo meses. O pole e o néctar contaminados que comen e recollen as abellas tamén provocan a morte das súas compañeiras que o inxiren no niño.

Dende o sector agrícola oíronse críticas á UE A moratoria da UE impide usar tres dos nove neonicotinoides durante tres anos para estudar a súa evolución. Os agricultores teñen outros sistemas, como o control biolóxico con insectos parasitoides que acaban coas pragas. Ademais, non poden abusar dos praguicidas, en especial cando as flores non estean abertas, e han evitar as fumigacións aéreas.

Que medidas deberían tomarse para mellorar o estado das abellas? Diminuír os pesticidas, seguir investigando, restaurar pasteiros, praderías e paisaxes naturais, introducir nos cultivos zonas de vexetación natural con flora local ou restaurar polinizadores de especies autóctonas se desapareceron ou diminuíron.

Que poden facer os cidadáns? Respetar as abellas e valorar a importancia dos insectos en xeral. Maleducáronos no medo aos insectos. Unha abella non ten interese en picarnos. Se nos asustamos e lle damos unha poutada pode que si. Se estamos quietos, ignóranos.

Concepción
Ornosa

Profesora da
Universidade Complutense
de Madrid experta
en abellas

“As abellas están en declive en todo o planeta”

Jesús Manzano

Director executivo da Fundación Amigos das Abellas

O declive das abellas é un indicador do dano que sofre o seu medio ambiente. Así o asegura Jesús Manzano, director executivo da Fundación Amigos das Abellas. Segundo este experto, trátase dun problema global que afecta tamén a España, aínda que os datos achegados no noso país non reflicten a realidade, xa que moitos apicultores non declaran a morte de parte das súas colmeas para non perderen as subvencións da UE.

Que lles acontece ás abellas? O seu declive é un síntoma dos abusos da agricultura industrial e o seu círculo vicioso de monocultivos extensos, fertilizantes artificiais, tóxicos contra as pragas e eliminación da biodiversidade.

A UE impuxo unha moratoria de uso para varios pesticidas. Será suficiente? Ademais dos neonicotinoides, crecen as sospeitas sobre outros axentes tóxicos comúns nos campos. Requirense longos informes científicos e lentas lexislacións, mentres miles de especies polinizadoras perden a batalla da vida tras unha evolución de cen millóns de anos.

Por que son tan importantes as abellas? As abellas son indicadores da saúde dos nosos ecosistemas e do elo terrestre que garante a reprodución das plantas. O impacto económico non é menor, pois o 84 % da colleita europea depende dos polinizadores. Sen eles, non sobrevivirían plantas coma o arroz.

Cal é o seu estado actual? Están en declive en todo o planeta, agás nalgúns zonas illadas. Os apicultores a duras penas conseguen repoñer as súas perdas. Ademais, a demanda de

abellas crece a máis velocidade que a oferta. Hai lugares sen abellas e os campesiños polinizan á man cada flor das maceiras, das amendoeiras etc.

E en España? Segundo a última enquisa europea, a mortalidade é menor ca nos países do norte. Pero moitos apicultores non declaran a morte de parte das súas colmeas para non perderen as subvencións da UE para medicamentos. As rexións dependentes de usos agrarios intensivos son as que máis sofren, aínda que isto afecta todo o territorio peninsular. As abellas teñen unha enorme mobilidade en España, debido ao intercambio de colmeas e ao destacado mercado da transhumancia.

Fálase da avésa asiática como unha ameaza máis. Ata que punto o é? Esta especie invasora, a *Vespa velutina nigritorax*, é unha ameaza certa no sur de Francia, no norte de Portugal e, en España, na cornixa cantábrica e nas rexións pirenaicas. Este tártago acaba cunha colmea en poucas horas para alimentar con abellas as súas larvas. Hai plans de actuación en todas as zonas afectadas e espérase frear a súa expansión. Dende os medios de comunicación e internet, foméntase a persecución do tártago europeo –*Vespa crabro*– que, ademais de inocente, é a nosa principal arma de contención, xa que defende o seu territorio fronte ao invasor.

Pódese vivir da apicultura? España é a principal produtora de mel de Europa. Hai 23.000 apicultores, dos que só o 20 % teñen explotacións profesionais. Andalucía, Extremadura e Valencia concentran o 62 % do sector. A extracción do mel centra o 90 % do negocio, a diferenza doutros países, diversificados co resto de produtos da colmea: propó-

leos, cera, pole, xelea real, cría de abellas ou a apitoxina, o seu veneno. Para manter unha explotación que permita o autoemprego, hai que achegar entre 50.000 e 80.000 euros. As abellas non son doadas de gobernar. Hai que estudar moito e traballar polo menos un ano como voluntario nas colmeas dun profesional experimentado.

Que medidas deberían tomarse para mellorar o estado das abellas? Hai que inducir un cambio no modelo de produción agraria. Con máis diversidade de plantas, necesitaranse menos toneladas de químicos. Tamén cómpre un plan de formación dos apicultores e unha lexislación sanitaria que force os afeccionados a notificar as enfermidades das súas abellas e a aplicar as medidas axeitadas.

Nalgúns países póñense colmeas nas cidades para salvar as abellas e para producir mel de calidade. As abellas teñen máis saúde nas cidades, en cuxos parques e espazos teñen máis diversidade floral e onde moitos agrotóxicos están prohibidos. A experiencia doutros países non podemos comprobala aínda en España, xa que a lexislación prohibe a súa presenza nas cidades. Se chegase o momento, habería que evitar introducir especies que nada teñen que ver co noso ecosistema. En todo caso, só poden esperarse beneficios para todos.

Que poden facer os cidadáns? Limitar o uso de produtos químicos, asegurar a subministración de alimentos de calidade para os polinizadores, crear conciencia para influír na agricultura, nas autoridades e nas empresas e tamén construír redes para traballar xuntos.

✚ www.consumer.es

